

Marco galego de competencias dixitais

Procedemento para a realización da
proba específica da área 4 do nivel
Intermedio do Marco Galego de
Competencias Dixitais para alumnado
de 2º de Bacharelato

INSTRUCCIÓNS PARA O ALUMNADO

INSTRUCCIÓN PARA O ALUMNADO

Benvidas e benvidos á proba para a certificación de nivel das competencias dixitais ComDix Intermedio – Área 4 para alumnos e alumnas de 2º de Bacharelato.

A proba ten unha duración máxima de 20 minutos. Transcorrido este tempo finalizará de xeito automático e entregárase para a súa corrección. A proba pode finalizarse antes dos 20 minutos.

Non se pode comer nin beber durante a proba. Se alguén precisa ir ao baño, agora é o momento, pois non poderá saír da aula mentres non acabe a proba.

A proba consta de **12 preguntas**, da área 4 "Seguridade e privacidade", que comprende 4 competencias diferentes, propoñendo 3 preguntas para cada unha desas competencias (2 que se enfocan a verificar coñecementos e 1 máis orientada a verificar habilidades).

O tipo de preguntas é variado. Fixádevos que algunhas piden unha única resposta, outras piden varias, en ocasións hai que escribir manualmente a resposta, noutros casos arrastrar elementos... Se xorden dúbidas, para cada pregunta tendes o botón "Mostrar axuda" onde aparece a indicación de como se debe responder esa pregunta.

Durante a realización da proba podedes acceder a Internet, de feito, para responder a algunha das preguntas pode ser necesario. Este acceso só estará permitido a través do equipo informático co que estás a realizar a proba, xa que **non está permitido o uso de calquera outro dispositivo electrónico**. Tamén pode ser necesario facer uso dalgún dos programas instalados no equipo como o lector de PDF.

As preguntas falladas **non descontan**, polo que **é recomendable que contestedes a todas as preguntas**. Para aprobar é necesario acertar cando menos o **60%** das preguntas do exame (**7 preguntas acertadas**).

Despois de contestar cada pregunta debedes premer o botón "Gardar" antes de pasar á seguinte, agás que non teñades clara a resposta e a deixedes para o final para volver sobre ela. Unha vez chegado ao final das 12 preguntas, debedes aseguravos de que todas as preguntas foron contestadas, e que están marcadas en azul no menú de navegación.

Antes de comezar a proba, e antes de poñer o PIN de activación, debes elixir en que idioma a queredes realizar: galego ou castelán. O idioma elixido acompañaravos ao longo de toda a proba sen opción a cambialo.

Rematada a proba, aparecerá en pantalla se o voso resultado é apto/non apto, así como a puntuación obtida por área e aquelas preguntas erradas, indicando cal sería a resposta correcta.

Finalizada a proba, poderedes consultar as preguntas falladas e comprobar cal era a resposta correcta. En todo caso, é importante que acabedes a sesión premendo o botón finalizar.

Comezamos:

Para entrar na plataforma de certificación abride un navegador web calquera, por exemplo Chrome, e escribide o URL:

<https://certificacion-competenciasdixitais.xunta.gal/examinador>

Xa na páxina, debes indicar:

- Paso 1:

Nome de usuario: o voso DNI (incluído a letra en maiúscula sen guión, por exemplo: 12345678G)

*Contrasinal: **comdix2bac***

- Paso 2: Aparece a mensaxe: "Este sitio web emprega cookies", ao que terás que premer en "Aceptar todas".
- Paso 3: Premer en "Comezar proba" e introducir o seguinte PIN

(Estes datos tédelos escritos no encerado).

No caso de que nese momento a algún dos presentes lles saia a mensaxe

"Volve a activar a proba para que se xere correctamente"

Bastará con premer novamente en "Activar" para que xere a proba.

Tedes 20 minutos. Moita sorte!